

INFORMACIÓN inscrición actividades 2026-2027

Prazo de inscrición do 1 ao 30 de xuño (a inscrición será a través do formulario que temos mais abaixo).

- Inicio das actividades curso 26-27: 14 de setembro do 2026 (En función da situación do convenio co Concello de Cambre).
- Tódolos alumnos que participen nas actividades teñen a obriga de pagar o seguro de accidentes da ANPA prezo por determinar (aproximadamente 12,00€)
- As familias numerosas teñen un desconto do 50% no prezo das actividades. Así mesmo, aqueles que presenten informe de asuntos sociais, terán un desconto do 100% nunha actividade. Todos eles deberán mandar por e-mail a (acuruxa.anpa@gmail.com) ou presencialmente na oficina da A.N.P.A antes do 30 de setembro, fotocopia do documento acreditativo da familia numerosa ou o informe de asuntos sociais.
- O número mínimo de participantes por actividade será de 8. Unha vez iniciado o curso, se algunha actividade queda con menos de 8 participantes, poderase anular a actividade.
- Nas actividades nas que a demanda supere as prazas ofertadas, farase un sorteo das mesmas. Tendo prioridade @s alumn@s que asistiran o curso anterior e sexan socios. Os que queden sen praza pasarán a unha lista de agarda. Data do sorteo: A determinar en setembro. (aos implicados se lles avisará persoalmente da data do sorteo).
- Unha vez acabado o prazo de inscrición 30 xuño, procederemos a ir avisando persoalmente mediante whatsapp da situación do inscrito con respecto a actividade (admitid@, sorteo, etc...)
- O cobro das actividades, seguro obrigatorio e cota da ANPA, será por medio de domiciliación bancaria. O cobro será trimestral (para aforro dos gastos bancarios). Se lles informará no mes de setembro, dos períodos de pago. Por cada recibo emitido por familia para aboar o custe de actividades añadirase o importe de 1,20€ para sufragar os costes bancarios, que non son [admitid@s](mailto:admitid@) no convenio co Concello.
- No caso dun recibo devolto, e despois do requerimento do mesmo non aboar o importe solicitado, a ANPA reservase o dereito de dar de baixa ao alumno na actividade que este realizando.
- A inscrición é individual, unha por neno. Unha vez feita a inscrición as modificacións das actividades poderase facer por e-mail ou por whatsapp, para que esta modificación sexa efectiva, tenlle que ser contestada pola entidade.
- No caso de ter problemas coa inscrición poderán: o Chamar ao 633825271.
 - De 16 a 17 horas de luns a venres (ata o 18 de xuño)
 - De 16 a 17 horas do 9 ao 11 de setembro.
 - Fora do horario anterior (ata o 30 de xuño), mandar un e-mail (acuruxa.anpa@gmail.com) ou por whatsapp, se lles contestará na medida do posible.

[Inscrición Actividades](#)